



Resolución reitoral do 23 de febreiro pola que se establecen as bases reguladoras da concesión dun premio para unha *startup* ou *spin-off* da Universidade da Coruña no marco do programa Santander X Spain Awards | Startup Universitaria 2026 e se procede á súa convocatoria para o curso 2025/26

De acordo co documento de adhesión asinado entre o Banco Santander, SA e a Universidade da Coruña, convócase o programa Santander X Spain Awards | Startup Universitaria 2026.

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxectivo do premio

1. A Universidade da Coruña (UDC) e o Banco Santander, co ánimo de recoñecer e potenciar as mellores empresas emerxentes (*startups*), consideradas como tales as que cumpran os requisitos recollidos na Lei 28/2022, do 21 de decembro, de fomento do ecosistema das empresas emerxentes, e as mellores empresas derivadas (*spin-offs*) da UDC constituídas legalmente en España, de base tecnolóxica ou de coñecemento, convocan un premio para aquela que teña unha solución innovadora e disruptiva en fase de aceleración.

2. A convocatoria rexeráse polo establecido nesta resolución reitoral e polas bases reguladoras do programa Santander X Spain Awards | Startup Universitaria 2026, publicadas polo Banco Santander na plataforma Santander X, ás cales pode accederse na seguinte ligazón:

<https://assets.santanderx.com/uploaded/calls/695fc509ee4268f8585e0a05/legal-terms-4d59ad38-9514-4888-b3dd-6b8451044c15.pdf>

3. Participar nesta convocatoria supón que se aceptan as condicións establecidas nela e nas mencionadas bases reguladoras do programa do Banco Santander.

Artigo 2. Dotación e contía

1. O financiamento do premio farase con cargo ao convenio asinado entre a UDC e o Banco Santander e á partida orzamentaria 05.99.25.00.05 541A 480.02, por un importe total de 4000 €.

2. O programa ofrécelle á *startup* ou *spin-off* que resulte gañadora o seguinte:

a) Un premio de catro mil euros (4000 €) para desenvolver a solución emprendedora que se presente.

b) Acceso ao premio nacional Santander X Spain Award | Startup & Scaleup 2026. As *startups* universitarias que gañen serán avaliadas para seleccionar tres (3) que competirán coas finalistas do Santander X Spain Award | Startup & Scaleup 2026.

c) Promoción en webs e redes sociais do Grupo Santander.

Pola súa vez, a UDC pode ofrecer o acceso a mentorías especializadas coordinadas por un grupo experto de entidades colaboradoras.

CAPÍTULO II. Solicitudes

Artigo 3. Requisitos de participación

1. Poderán optar a estes premios a persoa representante fundadora (en diante, a persoa candidata) ou o equipo representante fundador da *startup* ou *spin-off* da UDC (en diante, o equipo candidato) que cumpran un dos seguintes requisitos:



- a) Polo menos un membro fundador do equipo candidato deberá cursar estudos na UDC ou contar cun título de grao da UDC, cunha antigüidade máxima de cinco (5) anos desde a súa graduación.
- b) Polo menos un membro fundador do equipo candidato deberá ser docente universitario/a, persoal investigador ou persoal funcionario na UDC.
- c) Polo menos un membro fundador do equipo candidato deberá ter unha vinculación formal coa UDC.
- d) Polo menos un membro fundador do equipo candidato deberá ser un/unha emprendedor/a ou mentor/a actual dentro da UDC.

Adicionalmente e en todo caso:

- a) polo menos un membro fundador do equipo candidato deberá ser residente en España.
- b) a persoa candidata ou o equipo candidato deberán cumprir os criterios enumerados no apartado relativo á asignación dos premios.

Pola súa banda, as *startups* e *spin-offs* deberán reunir e acreditar polo menos un dos seguintes requisitos:

- a) Estar a xerar ingresos a través da súa actividade comercial.
- b) Obter capital semente mediante roldas de investimento.

2. En calquera caso, polo menos un membro do equipo fundador deberá ter unha vinculación actual coa UDC. Esta persoa será a que presente a solicitude na plataforma da UDC, segundo o que establece o artigo 5. Se o proxecto que representa é seleccionado, será a *startup* ou *spin-off* a que perciba o importe do premio.

Artigo 4. Criterios de valoración das solicitudes

A valoración realizarase segundo o que establecen esta convocatoria e as bases reguladoras do programa do Banco Santander, mencionadas no artigo 1.2.

Artigo 5. Procedemento, lugar e prazo de presentación de solicitudes

O procedemento é integramente telemático.

1. As persoas candidatas ou os equipos candidatos deberán propoñer os seus proxectos do seguinte xeito:

- a) Presentación da solicitude na plataforma Santander X:
 - O nome legal da *startup* ou *spin-off* deberá coincidir co indicado na memoria que se presente na plataforma da UDC.
 - A persoa solicitante deberá ser preferentemente a mesma que presente a solicitude na plataforma da UDC. Se non é posible, deberase identificar na solicitude que se faga na plataforma da UDC quen é o membro do equipo que vai realizar este trámite.

A ligazón para presentar a solicitude é esta:

<https://app.santanderx.com/calls/santander-x-award-startup-universitaria-2026>



b) Presentación da solicitude na plataforma da UDC por medio dun formulario en liña:

- Será realizada pola persoa con vinculación actual coa UDC que represente a *startup* ou *spin-off*, de acordo co establecido no artigo 3.2. Utilizará as súas credenciais da UDC para cubrir a solicitude.
- No formulario en liña solicitarase a seguinte información:
 - Indicación de que se cumpren os requisitos establecidos nas bases reguladoras que se mencionan no artigo 1.2.
 - Documento coa memoria do proxecto segundo o establecido no anexo I desta convocatoria. A memoria presentarse en formato PDF e deberá estar asinada pola persoa que represente a empresa.

A ligazón para acceder ao formulario da UDC é esta:

<https://forms.office.com/e/GYgBkTVUEG?origin=lpLink>

Os equipos candidatos poderán achegar opcionalmente un vídeo de presentación do seu proxecto a través dunha ligazón; unha presentación de diapositivas (*pitch deck*) do proxecto; ou calquera outro material multimedia ou audiovisual de interese.

En calquera caso, para que a solicitude se considere validamente presentada haberá que subila nas dúas plataformas, a do Banco Santander e a da UDC. Será motivo de exclusión non realizar a candidatura do xeito indicado.

2. Nos casos en que a UDC así llelo solicite ás persoas candidatas, será imprescindible acreditar documentalmente que se cumpren os requisitos mediante a incorporación dos documentos xustificativos que correspondan en cada caso, que se enviarán ao correo electrónico ebc.otc@udc.gal.

3. O prazo de solicitude irá do día seguinte á publicación desta convocatoria no Taboleiro Electrónico Oficial da Sede Electrónica da UDC (TEO) ata o 17 de abril de 2026.

Artigo 6. Procedemento de selección e valoración

O proceso de valoración das solicitudes e de selección do proxecto gañador rexerase polo disposto nesta convocatoria e nas bases reguladoras mencionadas no artigo 1.2. Constará de tres (3) fases, tal como se describe a continuación:

a) Fase 1: preselección dos proxectos que cumpran os requisitos

O día 8 de maio de 2026 publicarase a resolución provisional coas candidaturas admitidas no TEO e na plataforma Santander X. Deste xeito notificaráselles ás e aos representantes dos proxectos que se presentasen o estado da súa candidatura.

Contra a dita resolución poderase presentar unha reclamación no prazo de cinco días hábiles, que comezará a contar no seguinte ao da súa publicación no TEO da UDC. As reclamacións enviaranse ao enderezo de correo electrónico ebc.otc@udc.gal.

b) Fase 2: avaliación dos proxectos candidatos e selección de finalistas

O día 2 de xuño de 2026 publicarase no TEO da UDC a listaxe dos proxectos finalistas. Así mesmo, a persoa que presentara a solicitude na plataforma Santander X recibirá un correo en que se lle notificará o avance á seguinte fase.

Na avaliación das candidaturas teranse en conta os seguintes criterios ponderados:



- Potencial de impacto: 25 %
- Calidade na innovación: 15 %
- Viabilidade: 15 %
- Escalabilidade: 15 %
- Vantaxe competitiva: 15 %
- Estrutura do equipo: 15 %

c) Fase 3: selección do proxecto gañador

A relación dos proxectos finalistas publicárase no TEO da UDC. A persoa que presentara a solicitude na plataforma da UDC recibirá unha invitación para participar na fase final de selección. Esta fase terá lugar entre os días 3 de xuño e 1 de xullo de 2026, e nela deberán realizar unha presentación dos seus proxectos emprendedores (*Pitch*). A dita presentación farase segundo o que establecen as bases reguladoras que se mencionan no artigo 1.2.

Na avaliación dos proxectos finalistas teranse en conta os seguintes criterios ponderados:

- Potencial de impacto: 20 %
- Escalabilidade: 20 %
- Vantaxe competitiva: 20 %
- Estrutura do equipo: 20 %
- Valoración do *Pitch*: 20 %

Artigo 7. Resolución da convocatoria e notificación

1. O día 2 de xullo de 2026 publicárase no TEO da UDC a resolución definitiva do concurso, en que aparecerá o proxecto gañador. Desde a plataforma Santander X enviaráselle un correo de notificación á persoa que presentara alí a solicitude.

2. Nesta resolución, que porá fin á vía administrativa, indicaranse a contía da axuda e as posibles condicións técnicas e económicas cuxa observancia obrigatoria se poida establecer.

CAPÍTULO III. PAGAMENTO

Artigo 8. Pagamento do premio

A UDC aboará o importe do premio mediante unha transferencia bancaria a unha conta aberta a nome da *startup* ou *spin-off*.

CAPÍTULO IV. Obrigas

Artigo 9. Obrigas das persoas candidatas e gañadoras

1. As persoas candidatas e os equipos candidatos, así como aquela ou aquel que obteña o premio, deberán cumprir todo o que establece esta convocatoria e as bases reguladoras que se mencionan no artigo 1.2.

2. As persoas responsables do proxecto gañador comprométense a destinar a totalidade da dotación económica do premio ao desenvolvemento da solución que presentaron ao certame.

3. No caso de renunciar ao premio ou incumprir as súas obrigas deberán reintegrar a cantidade percibida.

CAPÍTULO IV. Unidade tramitadora, comité avaliador e xurado

Artigo 10. Unidade tramitadora, comité avaliador e xurado

a) Unidade tramitadora

Da xestión e o impulso do procedemento e a tramitación das solicitudes encargárase a Oficina de Transferencia de Coñecemento (OTC) da UDC. Xa que logo, será responsable da fase 1 e de preparar a proposta da resolución provisional coas candidaturas admitidas. Remítiralle a dita proposta á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia para que a publique no TEO.

b) Comité avaliador

Na fase 2 do procedemento, a composición do comité avaliador dos proxectos será a seguinte:

- Presidente: José Anta Álvarez, adxunto de Transferencia da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, ou a persoa en quen delegue
- Vogal 1: María Isabel Docampo Ramos, directora da Oficina de Transferencia de Coñecemento da UDC
- Vogal 2: Janet Fernández López, técnica de Emprego da Unidade de Emprego da UDC
- Vogal externo: Gonzalo Arias Barrientos, técnico de Séniores Españois para a Cooperación Técnica (SECOT)
- Secretaria: Lorena Alonso Alconada, técnica de I+D+i da Oficina de Transferencia de Coñecemento da UDC

c) Xurado

Na fase 3 do proceso de selección, a composición do xurado será a seguinte:

- Presidente: José Anta Álvarez, adxunto de Transferencia da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, ou a persoa en quen delegue
- Vogal 1: María Isabel Docampo Ramos, directora da Oficina de Transferencia de Coñecemento da UDC
- Vogal 2: Janet Fernández López, técnica de Emprego da Unidade de Emprego da UDC
- Vogal externo: Gonzalo Arias Barrientos, técnico de Séniores Españois para a Cooperación Técnica (SECOT)
- Vogal externo/a 2: representante do Banco Santander
- Secretaria: Lorena Alonso Alconada, técnica de I+D+i da Oficina de Transferencia de Coñecemento da UDC

As persoas que ocupen as vogalías externas que forman parte tanto do comité avaliador como do xurado non poderán ter vínculos coas solucións innovadoras que se avalían nin coas *startups* ou *spin-offs* candidatas, nin incorrer en conflito de intereses coas persoas candidatas.

O comité avaliador poderá declarar deserto o premio na fase 2, se xulga que a calidade das solución innovadoras que se presentaron non alcanza o mínimo esixido.

CAPÍTULO V. Uso da imaxe, propiedade intelectual e protección de datos

Artigo 11. Propiedade intelectual e autorización para o uso da imaxe no programa Santander X Spain Awards | Startup Universitaria 2026

Presentar unha candidatura implica a aceptación total dos termos e as condicións do programa Santander X Spain Awards | Startup Universitaria 2026, que se recollen nas bases reguladoras establecidas polo Banco Santander e mencionadas no artigo 1.2 desta convocatoria.

Artigo 12. Protección de datos

De conformidade co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), infórmase de que os datos facilitados na concorrência a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico <rpdp@udc.gal>.

A finalidade do tratamento destes datos persoais é a descrita na convocatoria. A persoa solicitante a que se refire o artigo 1.2 da convocatoria será a responsable de aceptar o aquí establecido o resto de membros do equipo do proxecto. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD. Os datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible existencia de responsabilidades legais.

A concorrência a esta convocatoria implica a publicación dos seus datos na resolución da solicitude, dentro do Taboleiro Electrónico Oficial da Sede Electrónica da UDC.

A persoa interesada consente expresamente o citado tratamento de datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita. Terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos, salvo que o tratamento dos datos quede xustificado con algunha das outras bases de lexitimación que se recollen no artigo 6 do RXPd.

Así mesmo, ten dereito a solicitarlle á responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais, e a limitación do seu tratamento.

Tamén terá dereito a se opoñer ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Así mesmo, terá dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís.

Estes dereitos poderanse exercer da seguinte maneira:

a) Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais que figura na Sede Electrónica da UDC, no apartado «Outros trámites».

b) Mediante unha solicitude por escrito á responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), dirixida ben ao seguinte enderezo postal: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña; ben ao correo electrónico <rpdp@udc.gal>. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros físicos desta universidade.



c) Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, ben ao mesmo enderezo postal antes indicado, ou ben ao correo electrónico <dpd@udc.gal>. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros físicos desta universidade.

Do mesmo xeito, terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

O tratamento dos datos de carácter persoal que xestione o Banco Santander rexeráse polo disposto nas bases reguladoras da súa convocatoria, que se menciona no artigo 1.2, e polo indicado na seguinte ligazón:

<https://www.santanderx.com/es/legal/privacy.html>

Disposición final primeira. Habilitación

Habílitate o vicerreitor de Investigación e Transferencia para interpretar e resolver cantas cuestións xurdan á hora de aplicar esta resolución. Procederá, se é preciso, a ditar e publicar as instrucións necesarias para o seu desenvolvemento e cumprimento.

Disposición final segunda. Recursos

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase presentar un recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, de acordo co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses.

Tamén se poderá presentar, de maneira opcional, un recurso de reposición ante o reitor da UDC no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ambos os prazos comezarán a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no TEO da UDC.

Disposición final terceira. Eficacia

Esta resolución producirá efecto a partir do día seguinte ao da súa publicación no TEO da UDC.

O reitor

PD (RR 10/07/2024)

O vicerreitor de Investigación e Transferencia

Anexo I. Memoria da *startup* ou *spin-off* universitaria

Pode descargarse o anexo en formato editable na seguinte ligazón:

[https://www.udc.es/export/sites/udc/otc/galeria_down/Anexo-I Premios-Startup-Universitaria-2026_gal.docx](https://www.udc.es/export/sites/udc/otc/galeria_down/Anexo-I_Premios-Startup-Universitaria-2026_gal.docx) 2063069239.docx

1. Datos da empresa

Nome legal	
CIF	
Actividade económica	

2. Membros fundadores e rol

Nome e apelidos	Rol	Vinculación coa UDC	País de residencia

3. Fase do proxecto

Descrición da compañía (unha frase)	
Descrición da solución	
Fase da solución (idea, prototipo, piloto, crecemento, escalaxe)	
Problema que resolve, vantaxes competitivas	



4. Modelo de negocio

A empresa está a xerar ingresos a través da súa actividade comercial

☐ Si

☐ Non

A empresa obtivo capital semente mediante roldas de investimento

☐ Si

☐ Non

Persoa vinculada á UDC que presenta a solicitude (nome, apelidos e DNI):

Sinatura da persoa representante da *startup* ou *spin-off* universitaria:

Coa nosa sinatura, as persoas participantes no proxecto aceptamos todas as disposicións, tanto da convocatoria da UDC como das bases reguladoras dos premios, establecidas polo Banco Santander, e manifestamos que aceptamos o disposto na disposición décimo segunda deste documento sobre o tratamento de datos de carácter persoal.